



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

JOSE IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, deputado do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN PARA QUE SE PROCEDA Ó RESCATE DA CONCESIÓN DO APARCADOIRO DE TITULARIDADE DA DEPUTACIÓN QUE SE ATOPA NO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE BAIXO O NOME DE APARCADOIRO SANTA MARÍA NAI**

Este aparcadoiro edificado en terreos de titularidade provincial, a pesar de ser imprescindible para moita xente, pois presta servizo ós veciños e veciñas de toda a provincia, que unicamente poden chegar ó Hospital Universitario en vehículo particular. E, para colmo, vai estar en mans privadas ata 2050. A empresa Copasa obtivo a concesión para a súa construción e explotación –contrata que cedeu co beneplácito da Deputación a outra sociedade chamada Georsa– durante 48 anos. Sen embargo, en 2009 o goberno provincial do PP acordou ampliar a concesión dous anos máis. O custe para as arcas públicas do rescate desta concesión é descoñecido a pesar de que os grupos da oposición solicitaron, en reiteradas ocasións, un informe económico que aclare esta cuestión.

A maiores, o canon que a empresa pagaba a propia Deputación de Ourense, e que sempre foi denunciado dende o Grupo Provincial Socialista, era un canon irrisorio de 49.262 euros. Tendo en conta que é un aparcadoiro con case 800 prazas e cos prezos que tiña nese momento, ese canon en 15 días, a unha media de dúas horas, tirando xa polo baixo, dos usuarios (cando a media sería moito máis) estaría xa pagado. Co canon actual e no que o goberno da Deputación vendeu en xullo de 2018 unha baixada das tarifas a metade dende a mañá, a realidade é que a baixada do propio canon a 26.375 euros resulta aínda máis irrisorio, pois ca mesma media anterior, en menos de 15 días, o canon xa estaría pagado.

Polo tanto, a rebaixa os usuarios practicamente non repercutiu en nada e un servizo público como debería ser o aparcadoiro Santa María Nai ten como resultado o único beneficio para unha empresa privada, nunca para as arcas públicas. E o que é peor, unha sangría para os petos dos cidadáns que acoden a un hospital en situacións bastante ingratas ou problemáticas para eles e que moitas veces teñen que botar os seus familiares, ou eles mesmos, moitos días e moitas horas hospitalizados. Esta situación vese agravada porque hai moita xente que non pode pagar os abusivos prezos deste aparcadoiro. Aínda por riba, sendo a propia Deputación Provincial a “encargada” de velar polos intereses dos cidadáns de toda a provincia, resulta paragóxico xa que a maioría da veciñanza que utiliza este servizo pertence os diferentes puntos xeográficos da nosa provincia e non se entende que teñan que pagar por un servizo público.

O Grupo Provincial Socialista cree que chegou o momento de que unha institución pública como é a Deputación Provincial de Ourense rescate o aparcadoiro de titularidade da propia Deputación e poñao a disposición dos cidadáns desta provincia de xeito totalmente

socialistaourense@gmail.com

Facebook: PSdeGdeOurense

Twitter: @PSdeGDepOU



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

gratuito, como acontece en numerosas localidades coma Vigo ou Lugo, que contan con aparcadoiros gratuítos a carón dos da propia Xunta de Galicia que son de pago. O goberno provincial nos últimos anos, gábase de ter cada ano máis remanentes de tesourería positivos e dedicáronse a facer modificacións orzamentarias de forma partidista, sectaria e beneficiando só a aqueles dos que Baltar obtén réditos electorais. Por iso, creemos que esta medida de recuperar para TODOS E TODAS os cidadáns desta provincia un servizo público como é este, beneficiaría a todas as persoas, pois os que teñen problemas de saúde non obedecen os intereses políticos de ninguén e de seguro verían esta proposta do Grupo Provincial Socialista con moi bo agrado.

Dáse tamén a circunstancia de que a propia Xunta de Galicia abriu fai escasas semanas outro aparcadoiro de 433 prazas, onde a propia Deputación, para colmo, pagou tamén dos seus fondos a meirande parte do custo dos novos accesos a dito aparcadoiro, concretamente 949.600 euros e a maiores cedeu os terreos gratuitamente. Deste xeito, é o dobre a utilización de fondos públicos por parte desta institución provincial, sen beneficio para os cidadáns desta provincia, xa marxinados de por si pola propia Xunta, e que aínda que os prezos deste aparcadoiro son un pouco máis asumibles que os do aparcadoiro titularidade da Deputación, non deixa de ser un agravio económico para toda a veciñanza da provincia.

Polo exposto o Grupo Provincial Socialista presenta estas **PROPOSTAS DE ACORDO:**

PRIMEIRO.- Instamos o goberno provincial a que de xeito inmediato tome as medidas oportunas para o rescate e recuperación para todos os cidadáns do aparcadoiro do Hospital Santa María Nai e deste xeito deixe de ser unha concesión privada e volva a ser un servizo público e gratuito.

En Ourense, 10 de outubro de 2019

Asinado: José Ignacio Gómez Pérez

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

socialistaourense@gmail.com

Facebook: [PSdeGdeOurense](#)

Twitter: [@PSdeGDepOU](#)